

A MIÑA PROFE É UN MONSTRO convida, con humor, a coñecerse mellor para loitar contra os prexuizos

Divertidísima aposta gráfica tinguida de humor e caricatura. Escrita e ilustrada polo artista de Nova York Peter Brown e traducida agora ao galego, **A MIÑA PROFE É UN MONSTRO (DISO NADA.)** fomenta o diálogo e convida ás persoas a coñecerse mellor para loitar contra os prexuizos. Novo título da colección VERDEMAR de Alvarellos Editora.

TEXTO CONTRACAPA

Ás veces os monstros non son o que aparentan.

ARGUMENTO

As clases comezaron e Brais ten un problema tremendo. O seu problema chámase a “Profe Lola”. Ela é un monstro real, mesmo ten a pel verde e os seus dentes son enormes e afiados... El quere fuxir dela. Non obstante, un venres despois da escola, nun encontro casual no parque, os dous se poñen a falar e Brais descobre na profe Lola a outra persoa que non imaxinaba...

CLAVES PARA A LECTURA

Descubrirse un ao outro falando. Coñecerse mellor e dialogar para loitar contra os prexuizos. Velaquí a mensaxe principal deste divertido conto, ilustrado con moito humor e caricatura. O rostro da mestra vai cambiando e facéndose doce cando o seu alumno atopa nela un ser humano sensible e alegre.

Como actividade práctica co alumnado pódese traballar na **realización dun sinxelo avión de papel**. Tamén, ir buscando e analizando os **cambios que se producen no aspecto físico** da profesora.



↻ Idade de interese: +3 ↻ Nivel de lectura: +5



PETER BROWN medrou en Nova Jersey, nos Estados Unidos. Formouse no Art Center College of Design e, ao rematar a carreira, foi vivir a Nova York, onde traballou primeiro no mundo da publicidade. Fixo tamén animación para televisión e traballos como actor e hoxe é, dende Brooklyn, un dos ilustradores e escritores máis recoñecidos dos Estados Unidos e da literatura infantil e xuvenil, gañador de numerosos premios. **A MIÑA PROFE É UN MONSTRO** é a primeira obra de Peter Brown traducida ao galego.

Tradución ao galego: Marta Pérez e Quique Alvarellos.

FICHA TÉCNICA 40 pp. 28x21,5 cms

ISBN: 978-84-16460-39-7

PVP: 14 € - Capa dura



9 788416 460397

EDITORA
alvarellos

verdemar@alvarellos.info

981522137 - 609908852